

Historia de cegoñas

Unha aproximación á obra do ferrolán Antonio Yáñez Casal fainos concluir que 2006, o ano que vimos de despedir, foi para el un ano relativamente fructífero polo menos dende o punto de vista dos recoñecementos, pois acadou o premio Raíña Lupa, do que xa fora finalista en 2000 e 2004, con *Viaxe a Libunca* e resultou tamén finalista do premio Merlín de literatura infantil con *Natasha e Dimitri* unha novela infantil que vén de editar edicións Xerais de Galicia.

Se a obra galardoada co Raíña Lupa, que narra unha viaxe a Libunca, o país dos mortos, constitúe un texto tan atractivo para nenos coma para adultos o certo é que *Natasha e Dimitri* é claramente unha novela dirixida aos máis pequenos, mais aos que xa amosan unhas competencias lectoras que lles permitan enfrontarse a unha extensión de texto considerable, pois os lectores de arredor dos sete anos, afeitos a pequenas historias, abraiaranse nun primeiro intre mais comprobarán co paso das páxinas que a lectura non presenta ningunha dificultade engadida xa que tanto a redacción coma o tema están escrupulosamente pensadas para este grupo de rapaces.

Trátase esta da historia de Natasha e Dimitri, dúas cegoñas que se adican

Dos contidos transversais



PAULA FERNÁNDEZ

ao mesmo que moitas durante séculos popularmente: repartir nenos e levarllos ás persoas que desexan ter fillos. Resulta curiosa a modernización deste primitivo oficio agora controlado dende unha auténtica oficina de envíos internacionais e onde Dimitri, cegoña cun expediente exemplar, se encarga de facer a rota París-Italia, a súa preferida non só por resultar unha viaxe agradable senón porque é a mesma que fai outra cegoña, Natasha, da que Dimitri namora.

Será esta fascinación que lle produce a fermosa cegoña a que faga que a Dimitri lle aconteza o máis humillante, se cadra, para unha cegoña con este oficio: perder un bebé. A partir deste feito o interese de Dimitri centrarase en resolver o roubo de que fora obxecto.

Tras as pesquisas de Dimitri e o desenlace da historia o lector pode ir máis alá e axudado polo texto reflexionar sobre o feito de que nacer dunha determinada especie, no caso da lectura, raza ou posición social, nas nosas vidas, non debe ser un impedimento para realizarmos calquera actividade e, mesmo dende a escola, o volume pode ser empregado para contribuír cos contidos transversais desta sorte.

YÁÑEZ CASAL, Antonio,
Natasha e Dimitri (ilustr. Rodrigo Chao), Ed. Xerais, Vigo, 2006, 133 páxinas

